



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Ensino das ciencias da natureza	Código	652G01019	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Golías Pérez, Yolanda	Correo electrónico	y.golias@udc.es	
Profesorado	Fuentes Silveira, María Jesús García Barros, Susana Golías Pérez, Yolanda Rivadulla López, Juan Carlos	Correo electrónico	m.j.fuentes@udc.es susana.gbarros@udc.es y.golias@udc.es juan.rivadulla@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A asignatura pretende que se valore a importancia das Ciencias da Natureza nesta etapa educativa e que se recoñezan as implicacións actuais da ciencia e a tecnoloxía para comprender e respetar o noso contorno.</p> <p>Asemade, abordarase o desenvolvemento curricular e trataranse os procesos de ensino e aprendizaxe do coñecemento científico, así coma os recursos, experiencias, resolución de problemas, etc. axeitados á metodoloxía científica. Tamén se analizarán e deseñarán propostas educativas que inclúan unha perspectiva STEAM así como as interaccións Ciencia-Tecnoloxía-Sociedade e Desenvolvemento Sustentable</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aprender a aprender.	A33 A36 A38	B1 B3	
Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.		B2	
Traballar de forma colaborativa.		B5 B6 B16 B18	C4
Capacidade de análise e síntese.		B10	
Capacidade de busca e manexo de información.		B11	
Capacidade de organización e planificación.		B12	
Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.		B17	C1
Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.		B25	
Coñecer os fundamentos científicos, matemáticos e tecnolóxicos do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.	A33		
Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.	A36	B13	
Coñecer os momentos máis sobresaíntes da historia das ciencias e as técnicas e a súa transcendencia.	A39		
Elaborar propostas didácticas en relación coa interacción ciencia, técnica, sociedade e desenvolvemento sustentable.	A15 A39		



Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados.	A15 A32 A40		
Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da información e a comunicación.	A41		
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
Adquirir os coñecementos para sensibilizarse e actuar sustentablemente a favor do medio ambiente	A15	B13	

Contidos	
Temas	Subtemas
O ensino das ciencias da natureza en educación infantil	<ol style="list-style-type: none"> 1. Que entendemos por ciencias? 2. Como axudar aos/ás escolares a aprender ciencias. 3. A importancia de ensinar ciencias nesta etapa educativa. 4. Que tipo de coñecementos cómpre adquirir?
As ciencias da natureza no currículo oficial de educación infantil	<ol style="list-style-type: none"> 1. Valor formativo das Ciencias e a súa contribución á adquisición de competencias básicas dos/as escolares. 2. Análise dos contidos curriculares de ciencias. 3. Tipos de contidos, criterios e propostas de secuenciación. 4. Análise das propostas didácticas relativas ao campo das ciencias.
Os procesos de ensino e aprendizaxe das Ciencias en educación infantil	<ol style="list-style-type: none"> 1. Evolución histórica e construción do coñecemento científico e as súas interrelacións ciencia-tecnoloxía-sociedade-ambiente (C/T/S/A), desenvolvemento sustentable e o valor cultural da Ciencia. 2. Metodoloxía científica. 3. Desenvolvemento do pensamento científico dos/as escolares e de habilidades de indagación na aula. 4. Dificultades de aprendizaxe do alumnado de 0-6 anos para aprender ciencias. 5. Estratexias para a resolución infantil de problemas no eido das ciencias: atención ás emocións.
Recursos para o ensino-aprendizaxe das Ciencias: TIC/TAC (Tecnoloxías da información e a comunicación; Tecnoloxías da aprendizaxe e coñecemento.)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolvemento de experiencias para fomentar o interese, respecto e actuación a favor das ciencias. 2. Deseño de estratexias e actividades científicas. 3. Uso e fundamento de diferentes tipos de recursos: laboratorio, museos científicos, tablets, PDIs, audiovisuais, saídas o campo , etc.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A32 A33 A36 A38 A39 A40 A41 B1 B2 B3 B5 B6 B10 B11 B12 B13 B16 B17 B18 B25 C1 C3 C4 C8	26	30	56
Sesión maxistral	B1 B3 B6 B17 C6	16	0	16



Traballos tutelados	A32 A33 A36 A38 A40 A41 B5 B6 B10 B11 B12 B17 B18 B25 C1	0	44	44
Proba mixta	A15 A33 A36 A38 A39 B10 C1	0	32	32
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe orientados de forma presencial (no laboratorio ou na aula) con soporte de tecnoloxías da información e da comunicación, baseados na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e colaborar na do resto de membros do grupo. Inclúese neste tipo de metodoloxía: os eventos científicos e/ou divulgativos (asistencia a seminarios, xornadas,...), lecturas de libros, artigos e outros textos; saídas de campo ou actividades fóra da facultade, etc. O profesorado plantexará a solución de problemas a partir dos contidos traballados nas sesións ou ben de casos de actualidade científica. Ao longo do curso o profesorado poderá pedir aos alumnos as exposicións orais dos traballos realizados individualmente ou en grupo, prantexando preguntas, solicitando aclaracións, etc. ou sobre a tarefas levadas a cabo nas sesións.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais. Empregarase especialmente para introducir novos coñecementos científicos/didácticos. Ademais, procurarase interaccionar co alumnado a partir da formulación de interrogantes que favorezan a reflexión, discusión e xustificación da idoneidade dun novo coñecemento fronte a posibles interpretacións menos axeitadas.
Traballos tutelados	Actividades nas que o alumnado, organizado en pequeno grupo, é autónomo e realiza tarefas relativas á función de mestre/a (análise e/ou deseño de propostas de contidos e/ou actividades, emprego de recursos) xustificando as súas opcións. Estas tarefas serán dirixidas e orientadas polo/a docente. Realizaranse dúas deste tipo de actividades ao longo do desenvolvemento da asignatura e deberán expoñerse aos demais grupos.
Proba mixta	Proba escrita formada por cuestións que poden ser de diferentes tipoloxías (V/F, elección múltiple, curtas, de emparellar, asociar ou ordenar, abertas, desenvolvemento ou semi-desenvolvemento, etc.) sobre o contido da materia, tratados durante o curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Programaranse reunións presenciais e/ou virtuais con grupos reducidos del alumnado ou, no seu caso, de maneira individual co alumnado que non acuda ao 80% das sesións interactivas que lles exige da asistencia a clase, con obxecto de realizar unha adecuada orientación dos traballos tutelados.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A32 A33 A36 A38 A40 A41 B5 B6 B10 B11 B12 B17 B18 B25 C1	Os traballos tutelados son actividades que pola súa dimensión, poden servir para ?obxetivar? as habilidades adquiridas polo alumnado noutro tipo de actividades que se foron realizando. Valorarase a inclusión dos aspectos descritivos relevantes e especialmente a capacidade analítica e interpretativa do alumnado respecto ás situacións obxecto de estudo, así como a súa capacidade de comunicar e intercambiar ideas cos seus/súas compañeiros/as.	40



Proba mixta	A15 A33 A36 A38 A39 B10 C1	Realizárase ao rematar o cuadrimestre e ten por obxecto avaliar os coñecementos de distinto tipo (conceptuais, procedimentais) desenvolvidos nas clases expositivas e interactivas e a súa capacidade para resolver cuestións, analizar situacións concretas, argumentar fundamentada e criticamente, etc.	50
Aprendizaxe colaborativa	A32 A33 A36 A38 A39 A40 A41 B1 B2 B3 B5 B6 B10 B11 B12 B13 B16 B17 B18 B25 C1 C3 C4 C8	Valorárase a participación activa, interese, actitude positiva, etc. nas tarefas realizadas nas sesións programadas (seminarios e prácticas de laboratorio) e/ou a calidade e orixinalidade nas entregas requiridas, tanto de forma grupal como individual.	10

Observacións avaliación



Primeira oportunidade (maio/xuño)

Alumnado que acude ao 80% das sesións interactivas: A cualificación final será consecuencia dos resultados obtidos nos seguintes apartados:

Sesións interactivas (actividades prácticas de laboratorio e de lapis/papel). A súa asistencia é obrigatoria e son non recuperables. A cualificación deste apartado está condicionada á participación activa do alumnado nas sesións programadas (seminarios e prácticas de laboratorio) e/ou á calidade e orixinalidade nas entregas, tanto de forma grupal como individual, requiridas polos docentes. Supón un 10% da cualificación final Traballos tutelados. Realizaranse, obrigatoriedade, dúas actividades académicamente dirixidas (AAD), en pequenos grupos (3/4 alumnos/as). Os traballos serán entregados a través do campus virtual, as características e datas de entrega serán comunicadas as primeiras semanas de clase.

Presentaranse e se entregará un traballo en relación a cada AAD para a súa avaliación; de non facelo, a cualificación será de 0. Non serán avaliados aqueles traballos entregados fóra de prazo nin entregas a través do correo electrónico. A cualificación deste apartado será a media das cualificacións obtidas en cada traballo. Supón un 40 % da cualificación final. Proba individual global de avaliación dos resultados de aprendizaxe sobre os contidos das expositivas e as interactivas (seminarios e prácticas de laboratorio). Realizarase na data establecida no calendario oficial da Facultade. Supón un 50 % da cualificación final. Segundo o establecido no artigo 12º da ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dúas estudos de grao e mestrado universitario? na UDC (29/06/2017), referente á solicitude de realización de probas de avaliación en datas distintas da ordinaria, cabe destacar que só refírese ás probas que se realicen no período de avaliación establecido polo calendario académico, polo que quedan expresamente excluídas as probas de avaliación continua que se realicen fora do devandito período. Por este motivo, non se aceptarán documentos de ningún tipo para xustificar a non asistencia ás sesións interactivas e/ou ás sesións de seguimento / presentación dos traballos tutelados.

Para obter unha cualificación de aprobado/a, é imprescindible ter unha media de polo menos 5 sobre 10 tanto en cada un dos apartados (sesións interactivas, traballos tutelados e proba individual). A cualificación total farase en base á media ponderada de cada un dos apartados. O alumnado que non acade o aprobado nalgunha das partes, a súa cualificación da materia corresponderá á parte suspensa.

Se o alumnado aproba as sesións interactivas e/ou os traballos tutelados e/ou proba escrita, estas cualificacións gardaranse para a segunda oportunidade.

Alumnado que NON acude ao 80% das sesións interactivas:

Deberán poñelo en coñecemento do profesorado na primeira semana de clase.

A cualificación final será consecuencia dos resultados obtidos nos seguintes apartados:

Traballos tutelados. Realizaranse, obrigatoriedade, dúas actividades académicamente dirixidas (AAD), de forma grupal (formarán grupos entre o alumnado non asistente). Os traballos serán entregados a través do campus virtual, as características e datas de entrega serán comunicadas as primeiras semanas de clase. Presentaranse virtualmente e se entregará un traballo en relación a cada AAD para a súa avaliación; de non facelo, a cualificación será de 0. (Non serán avaliados aqueles traballos entregados fóra de prazo nin entregas a través do correo electrónico). A cualificación deste apartado será a media das cualificacións obtidas en cada traballo. Supón un 20 % da cualificación final. Proba individual global de avaliación dos resultados de aprendizaxe sobre os contidos das expositivas e as interactivas (seminarios e prácticas de laboratorio). Realizarase na data establecida no calendario oficial da Facultade. Supón un 80 % da cualificación final. Segunda oportunidade (xullo) A avaliación farase do mesmo xeito que na oportunidade de maio/xuño, téndose que recuperar unicamente os apartados que se teñan suspensos (tarefas das sesións interactivas- sempre que as teña suspensas, pero alcanzase o 80% de presencialidade-, traballos tutelados e/ou proba escrita individual).

Tanto no caso dos/as asistentes ao 80% das sesións interactivas, o alumnado que non acuda ao 80% das sesións interactivas, a cualificación final será en base á media ponderada das cualificacións obtidas nas tarefas, traballos tutelados e a proba escrita, sendo imprescindible acadar como mínimo un 5 sobre 10 en cada parte. A cualificación de suspenso corresponderá á parte non superada.

Se o alumnado aproba as sesións interactivas e/ou os traballos tutelados, estas cualificacións gardaranse durante un curso académico. A cualificación da proba escrita non se garda para o seguinte curso académico.

Oportunidade adiantada Rexerase polo modelo de avaliación que o alumnado tivera no curso anterior (alumnado que acudiu ao 80% das sesións interactivas ou alumnado que non acudiu ao 80% das sesións interactivas).

Se no curso anterior o alumnado ten realizadas e aprobadas as tarefas das sesións interactivas e/ou traballos tutelados, nesta convocatoria só terá que realizar a proba escrita.

NOTAS XERAIS: É primordial e obrigatoria a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia. Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.





Bibliografía básica

- (). .
- ABELLA, R.; ALCÁZAR, V. y otros. (2009). Hacemos ciencia en la escuela. Experiencias y descubrimientos. Barcelona, Ed. Graó.
- ALVÁREZ, M.; NUÑO, T. y SOLSONA, N. (2003). Las científicas y su historia en el aula. Madrid, Ed. Síntesis.
- AMARO, F. (2015). Didáctica de las ciencias naturales y educación ambiental en educación infantil. Logroño, Ed. UNIR.
- ARAGÓN, L.; JIMÉNEZ, N.; GOZALBO, M. E.; y, VICENTE, J. J. (2016). Acercar la ciencia a la etapa de infantil: experiencias educativas en torno a talleres desde el Grado de Maestro en Educación Infantil. En, Revista Iberoamericana de Educación, 72, pp. 105-128.
- ARCÀ, M.; GUIDONI, P.; & MAZZOLI, P. (1990). Enseñar Ciencia. Reflexiones para una educación científica de base. Barcelona, Ed. Paidós.
- ASKASIBAR, I.; et al. (2006). La sostenibilidad un compromiso de la escuela. Barcelona, Ed. Graó.
- BARRAGÁN; et al. (1992). Propuestas de secuencia. Educación infantil. Madrid, M.E.C. Escuela Española.
- BASSEDAS, E.; et al. (2006). Aprender y enseñar en educación infantil. Barcelona, Ed. Graó.
- BEETLESTONE, F.L. (2000). Niños creativos, enseñanza imaginativa. Madrid, Ed. La Muralla.
- BELAIR, L. M. (2000). La evaluación en la acción. Sevilla, Ed. Díada.
- BERTOLINI, P.; FRABONI, F. (1990). Nuevas orientaciones para el curriculum de Educación Infantil. Barcelona, Ed. Paidós.
- BOLIVAR, A.; COLL, C.; ONRUBIA, J.; POZO, J. O.; TEBEROSKY; et al. (2001). El constructivismo en la práctica. Barcelona, Ed. Graó.
- BRADLEY, B. S. (1989). Concepciones de la infancia. Madrid, Ed. Alianza Psicología.
- BRUER, J. T. (1995). Escuelas para pensar. Barcelona, Ed. Paidós.
- BLAXTER, L.; et al. (2008). Cómo se investiga. Barcelona, Ed. Graó.
- CAIRONI, G. (2009). Taller de ciencias al aire libre. Madrid, Ed. CEP.
- CALATAYUD, M. A.; JORBA, A.; PARCERISA, A.; SAN MARTIN, N.; et al. (2001). La evaluación como ayuda al aprendizaje. Sevilla, Ed. Díada.
- CAMPANARIO, J. M. (1998). Quienes son, qué piensan y qué saben los futuros maestros y profesores de ciencias. Una revisión de estudios recientes. Revista inter-universitaria de formación del profesorado, 33: 121-140.
- CAÑAL DE LEON, P. (2006). La alfabetización científica en la infancia. Aula de infantil, 33.
- CARBONELL, J. (2001). La aventura de innovar. Madrid, Ed. Morata. Serie Los videos de Educación Infantil. La observación y experimentación de Educación Infantil (2º ciclo). Ed. Rosa Sensat/M.E.C.
- CARMEN, L. M. del. (1988). Investigación del medio y aprendizaje. Barcelona, Ed. Graó.
- CASADO, M.J. (2006). Las damas del laboratorio. Barcelona, Ed. DEBATE.
- CASTAÑEDA, L.; ADELL, J. (2013). Entornos Personales de Aprendizaje, claves para el ecosistema educativo en red. Alcoy, Marfil.
- CATALÁ, M.; et al. (2002). Las ciencias en la escuela. Teorías y prácticas. Barcelona, Ed. Graó.
- CINERY, M. (1979). Los amantes de la naturaleza. Barcelona, Ed. Blume.
- CLAXTON, G. (1994). Educar mentes curiosas. El reto de la ciencia en la escuela. Madrid, Ed. Visor.
- CHI, M. T.; y, ROSCOE, R. D. (2002). The processes and challenges of conceptual change. In Reconsidering conceptual change: Issues in theory and practice (pp. 3-27). Springer Netherlands.
- COUSO, D., JIMÉNEZ-LISO, M.R., REFOJO, C. & SACRISTÁN, J.A. (Coord) (2020) Enseñando Ciencia con Ciencia. FECYT & Fundación Lilly. Madrid: Peguin Rando, House.
- COUSO, D. (2014). De la moda de aprender indagando a la indagación para modelizar: una reflexión crítica. 26 Encuentros de Didáctica de las Ciencias Experimentales y Segunda Escuela de Doctorado. Disponible en: http://uhu.es/26edce/actas/docs/conferencias/pdf/26ENCUENTRO_DCE-ConferenciaPlenariaInaugural.pdf
- COLL, C.; POZO, J. I.; SARABIA, B.; VALLS, E. (1992). Los contenidos de la Reforma. Madrid, Ed. Santillana.
- COLL SALVADOR, C. (1991). Aprendizaje escolar y construcción del conocimiento. Barcelona, Ed. Paidós.
- CONFEDERACIÓN DE SOCIEDADES CIENTÍFICAS DE ESPAÑA (COSCE) (2011). Informe Enciende. Enseñanza de las Ciencias en la Didáctica Escolar para edades tempranas en España.
- CORTINA, A. (1994). La ética de la sociedad civil. Madrid, Ed. Alauda.
- CURRÍCULO DE EDUCACIÓN INFANTIL DE GALICIA. DEL CARMEN, L. (1988). Investigación del medio y aprendizaje. Barcelona, Ed. Graó.
- DRIVER, R.; et al. (1989). Ideas científicas en la infancia y la adolescencia. Madrid, Ed. Morata-MEC.
- DOMENECH CASAL, J. (2022). Mueve la lengua que el cerebro te seguirá. Ed. Graó.
- ENGLEHART, D., MITCHELL, D. et al (2020) Juegos STEM en los Rincones de Aprendizaje. Integrando la investigación de los más pequeños. Ed. Narcea.
- ESCUTIA, M. (2009). El huerto escolar ecológico. Barcelona, Ed. Graó.
- FERNÁNDEZ, R.; BRAVO, M. (2015). Las ciencias de la naturaleza en la Educación Infantil. Madrid, Ed. Pirámide.
- FREIRE, H. (2011). Educar en verde. Ideas para acercar a niños y niñas a la naturaleza. Barcelona, Ed. Graó.
- GALLEGO TORRES, A. P., CASTRO MONTANA, J. E.; REY HERRERA, J. M. (2008). El pensamiento científico en los niños y niñas, algunas consideraciones e implicaciones. Memorias CIEC, 2 (3): 22-29.
- GARCÍA, J.; GARCÍA, F. (1989). Aprender investigando. Sevilla, Ed. Díada.
- GARDNER, H.; FELDMAN, D. H.; & KRECHEVSKY, M. (2000). El Proyecto Spectrum. Madrid, Ed. Morata-M.E.C.
- GOLDSCHMIED, E.; JACKSON, S. (2007). La educación infantil de 0 a 3 años. Madrid, Ed. Morata.
- GOPNIK, A. (2012). Scientific



Thinking in young children: Theoretical advances, empirical research and policy implications. *Science*, 337: 1623-1627. HANN, J. (1981). *Los amantes de la Ciencia*. Barcelona, Ed. Blume. HANNOUN, H. (1971). *El niño conquista el medio*. Buenos Aires, Ed. Kapelusz. HARLEN, W. (1998). *Enseñanza y aprendizaje de las Ciencias*. Madrid, Ed. Morata-MEC. JIMÉNEZ-TENORIO, N., ARAGÓN, L. et al. (2022) *Modelizar en las clases de ciencias*. Ed. Octaedro. JAVNA, J. (1992). *50 cosas que los niños pueden hacer para salvar la tierra*. Barcelona, Ed. Emecé Editores. MARCO, B. et al. (1987). *La Enseñanza de las Ciencias Experimentales*. Madrid, Ed. Narcea. MARTIN, A. (1992). *Ideas prácticas para innovadores críticos*. Sevilla, Ed. Díada Editores. MARTIN, L.; ERRAZURIZ, P. (1989). *La escuela infantil. Un lugar de encuentro*. Madrid, Ed. Síntesis. MOLINA, L.; JIMENEZ, N. (1992). *La escuela infantil*. Barcelona, Ed. Paidós. MOLL, B. (1988). *La escuela infantil de 0 a 6 años*. Madrid, Ed. Anaya. MORALES PELEJERO, M. (1984). *El niño y el medio ambiente: orientaciones y actividades para la primera infancia*. Barcelona, Ed. Oikos-tau. MARCO, B. et al. (1987). *La Enseñanza de las Ciencias Experimentales*. Madrid, Ed. Narcea. MUÑOZ, A. (2017). *Sabias*. Barcelona, Ed. DEBATE ORTEGA, SAURA & MÍNGUEZ (1993). *La formación de actitudes positivas hacia el aprendizaje de las ciencias experimentales*. *Revista de educación*, 301: 167-196. PÉREZ, M. (2010). *Mi pequeño manual de experimentos*. Barcelona, Ed. Zendrea Zariquiey. PIAGET, J. (1981). *La representación del mundo en el niño*. Madrid, Ed. Morata. POZO, J. I. (1985). *El niño y el conocimiento*. Madrid, MEC. QUIJANO, R. (2016). *Enseñanza de las ciencias de la Naturaleza en Educación Infantil*. Madrid, Ed. Pirámide. RAMIRO, E. (2010). *La maleta de la Ciencia*. Barcelona, Ed. Graó. ROIG, T. (1994). *Observación y experimentación en la educación infantil (2º ciclo)*. Madrid, M.E.C. / A.M. Rosa Sensat. SELMI, I; TURRINI, A (1988). *La escuela infantil a los cuatro años*. Madrid, Ed. Morata. SHORT, K. et al. (1999). *El aprendizaje a través de la indagación*. Barcelona, Ed. Gedisa. THORTON, S. (1998). *La resolución infantil de problemas*. Madrid, Ed. Morata. TONUCCI, F. (1979). *La escuela como investigación*. Barcelona, *Reforma de la Escuela*. TONUCCI, F. (1990). *¿Enseñar o aprender? La escuela como investigación 15 años después*. Barcelona, Ed. Graó. TONUCCI, F. (1995). *El niño y la ciencia*. En, TONUCCI, F. (ed.). *Con ojos de maestro*. Buenos Aires, Troquel, pp. 85-107. VEGA, S. (2006). *Ciencia 0-3. Laboratorios de ciencias en la escuela infantil*. Barcelona, Ed. Graó. VEGA, S. (2012). *Ciencia 3-6. Laboratorios de ciencias en la escuela infantil*. Barcelona, ed. Graó. WEISSMANL, H. (1993). *Didáctica de las Ciencias Naturales*. Madrid, Ed. Paidós. WILLIS, A.; RICCIUTI, H. (1990). *Orientaciones para la escuela infantil de cero a dos años*. Madrid, Ed. Morata- MEC. ZABALA, A. ; ARNAU, L. (2007). *11 ideas clave. Cómo aprender y enseñar competencias*. Barcelona, Ed. Graó.



Bibliografía complementaria	Algunas de las revistas especializadas en el área de didáctica de las ciencias experimentales son: Apice: https://revistas.udc.gal/index.php/apice ?Eureka: https://revistas.uca.es/index.php/eureka ?Enseñanza de las Ciencias: https://ensciencias.uab.es/ ?Aula de innovación educativa: https://www.grao.com/es/productos/revista-aula-de-innovacion-educativa ?Alambique: https://www.grao.com/es/alambique ?Revista electrónica de Enseñanza de las Ciencias: http://reec.uvigo.es/ Webgrafía: Escuela con cerebro: https://escuelaconcerebro.wordpress.com/ Aprender ciencia é divertido: https://www.kids.csic.es/ Ciencia e tecnoloxía divertida para nenos e nenas (en inglés): www.sciencekids.co.nz/ Divulgación das ciencias naturais: http://www.biogeociencias.com/ Proxecto Climántica: http://www.climantica.org/ODS : https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/ Museos Científicos coruñeses: http://mc2coruna.org/ Museo Nacional de ciencia y tecnología: http://www.muncyt.es/Green-Campus- Facultade CC da Educación UDC: https://www.educacion.udc.es/?pagina=green-campus
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Ensino do corpo humano e de hábitos saudables/652G01032

Didáctica da educación ambiental e para a sustentabilidade/652G01041

Observacións



1.A entrega dos traballos documentais

será telemáticamente, a través do campus virtual e, se non é posible:

- Realizaranse impresións a dobre cara.
- Empregarase papel reciclado.
- Evitarase a impresión de borradores.
- Evitarase o uso de plásticos

2.Cómpre revisar polo miúdo as

instrucción de entrega. No caso de se establecer, non se admitirán entregas fora de prazo

3.Débese facer un uso sostible dos

recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

4.Débese ter en conta a importancia dos

principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

5.Segundo se recolle nas distintas

normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas?)

6.Traballarase para identificar e

modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

7.Deberanse detectar situacións de

discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

8.Facilitarase a plena integración do

alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías